

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO DO PLENO DO  
CONCELLO DE MURAS O DÍA 30 DE XULLO 2018**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Muras, o día 30 de Xullo de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno do Concello para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos seguintes Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL (BNG)  
DON CARLOS CARBALLE PENABAD (BNG)  
DON MARIO ROUCO REI (PSdeG-PSOE)  
DON JOSÉ DANILO REQUEIJO CASTRO (PP)  
DON JOSÉ PAJÓN PENABAD (PP)  
DONA ROSARIO CECILIA REY LÓPEZ (PP)

Da fe do acto o Secretario do Concello don Froilán Pallín Seco.  
Sendo as dezanove horas e dez minutos pola Presidencia declárase aberta a sesión.

De seguido sométense a debate e aprobación os seguintes asuntos:

Sr. Alcalde:

Abre a quenda de intervencións o Sr. Alcalde, dando a benvinda ós señores concelleiros e pasando a relatar os puntos do día :

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.**

Relata o Sr. Alcalde que se traerán nos seguintes plenos.

Asenten todos os concelleiros.

**SEGUNDO.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Sr. Alcalde : Explica o Sr. Alcalde o contido das propostas de acordo :

A ) Transferencia de créditos nº6 .

**Votación** : A favor por unanimidade dos presentes.

B) Crédito extraordinario nº5. Parque Infantil.

**Votación:** A favor por unanimidade dos presentes.

C) Modificación crédito nº4. Suplemento de crédito.

Neste punto toma a palabra Don Mario Rouco Rei e di que estando revisando información bota en falta partidas orzamentarias.

Fai un toque de atención dado que lle falta información sobre o multiplex (repetidor) e a Ponte de Bermuz. O resto todo parécelle ben.

O Sr. Alcalde respóndelle que lle parece importante que se faga a Ponte de Bermuz. E pregunta se todos están de acordo en facer un proxecto por arredor de 18.000 €, arranxar a ponte vella con un custo de máis de 70.000 €. Necesitan poder tirar de remanente e que se formalice o convenio.

En relación ó multiplex, pensamos que en setembro, teremos que aprobar unha nova modificación de crédito. O Concello de Muras a vai ter que asumir .

Intervén neste punto o Sr. Danilo Requeijo Castro e di que presentaron unha moción e que na aprobación do orzamento aprobouse aportar 20.000 € e a Deputación 70.000 €. Era para a ponte nova.

O Sr Alcalde intervén e di que os técnicos argumentan que non se pode arranxar. Que se fixeron xestións co Alcalde de Vilaba e demais técnicos que nos manifestan que so hai a posibilidade técnica de arranxar a ponte vella.

Intervén o Sr. Danilo e manifesta que eles queren que se repare a ponte nova.

Intervén o Sr. Mario e di que non o concibe, que esta ponte lles está dando moitos traballos, que se tratou moitas veces en pleno e que a teñen que amañar canto antes, xa teñen o proxecto, as zanzas , autorizacións..., teñen a prioridade... non debe haber volta atrás.

Sometida a Votación esta última modificación de crédito da como resultado :

**VOTACIÓN :** Seis votos a favor da modificación (BNG e PP).

1 Abstención ( Don Mario Rouco concelleiro do PSdeG-PSOE, pertencente ó Grupo Mixto).

### **TERCEIRO.- APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA PREZO PÚBLICO SAF.**

Neste punto Dona Belén Chao Ramil explica a situación da ordenanza reguladora do S.A.F , os tramos de cobro están no límite superior.

Di que estudaron esta proposta coas traballadoras sociais, que é a que se trae a este pleno.

Segue detallando o contido da modificación da Ordenanza do SAF.

Intervén neste punto o Sr.Danilo e argumenta que xa teñen dito que o servizo estaba caro, pretenden que se rebaixe o máximo posible.

Intervén Dona Belén e di que a proposta vai en función das capacidades económicas e que a última modificación se fixo no 2014 e non estaban gobernando.

Intervén o Sr. Mario e di que é importante a protección de datos. Que existe unha carga administrativa moi grande e que poden ter un problema coa empresa á hora de prestar o servizo, e di que hai que valorar sobre levar o servizo o Concello directamente , aínda que valora que tal vez sexa mellor que o leve unha empresa.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que para que nestes temas non decida o alcalde e logo se faga un informe a medida necesitamos unha ordenanza que regule o funcionamento e os prezos. Di que

quere que todo o mundo poida acceder a uns servizos como o de axuda no fogar. Tamén axudar ó pago da luz ou axudar os estudantes.

Sometida a votación a ordenanza do prezo público SAF procedese á súa votación.

**Votación** : Vótase a favor por unanimidade dos presentes.

#### **CUARTO.- ORDENANZA DE EMERXENCIA SOCIAL.**

Neste punto o Sr. Alcalde fai un resumo dos obxectivos e funcionamento que vai ter para afrontar situacións de emerxencia social.

Intervén o Sr. Mario e di que está totalmente de acordo. Temos unha gran carga administrativa .Di que hai un lote de ordenanzas que figuran aínda en pesetas e dende o ano 1986.

Sométese á votación dos presentes.

**Votación**: Vótase a favor por unanimidade dos presentes.

#### **QUINTO.- CORRECCIÓN ORDENANZA IBI.**

Comenta o Sr. Alcalde que había unha ordenanza do 25-10-2007. O equipo de goberno pensou en modificar esta ordenanza e suprimir o de rústicos, dado o artigo 9.4 por non axustarse a dereito.

Intervén o Sr. Danilo e di que no seu momento falouse do 0,3 ou do 0,4 e que eles están de acordo.

Intervén o Sr. Mario e di que os veciños deben de presentar a documentación antes do fin de ano e fala do tipo de gravame.

Sométese a votación dos presentes.

**Votación**: Vótase a favor por unanimidade dos presentes.

#### **SEXTO.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

Danse por enterados.

#### **SEPTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **MOCIÓN DE URXENCIA DO PP.**

Vótase a urxencia aprobándose por unanimidade.

O Sr. Danilo da lectura á seguinte moción :

Solicita que rebaixe a taxa de licenza de obra e que quede no 0,5. Di que Xermade ten o 2 %.

Resposta o Sr.Alcalde que non viamos motivos para opoñernos. As empresas dos eólicos, veñen e pagan.

Neste punto informa o Secretario de que é preciso estudalo xurídica e economicamente.

Intervén o Sr.Mario e di que temos que ter en conta as limitacións administrativas.Di que aínda que non se coñeza a lei temos que tela en conta.

Despois de distintos intercambios de pareceres procédese á votación e chégase ó seguinte acordo.

**Votación** : Por unanimidade dos presentes acórdase que se traia a pleno para debater co informe xurídico correspondente. Acordo por unanimidade.

### **ROGOS:**

Nese punto intervén Danilo e expón :

No 2017 Eólicos tiñamos 500.000 € e agora hai 152.000 € .

No 2018 as traídas de auga. Di que segundo consta en actas na captación de auga para as traídas , aportou a deputación ( tiñan proxecto ).

Sobre o monte da Gañidoira fala da acta 2004, non están no rexistro, están no inventario municipal.

Informa sobre a Casa do Médico, relata que foi doada ó Concello.

Solicita sulfatar a pista de Coto, porque é municipal.

Di que no lugar de Curral das Cuñas o que se faga diante das casas debe de ser formigón.

Solicita axudas ós estudantes.

### **Respóndelle o Sr. Alcalde :**

A rebaixa en relación ós eólicos dos 152.000 € son as baixas nas adxudicacións.

A Xunta no 2017 baixou de 535.000 € a 516.000 € a aportación.

En relación ós Montes da Gañidoira ditos bens incluíronse no inventario municipal sen ningún criterio.

En relación á Casa do Médico di que Salvador mediou para que a casa a puidese xestionar o Concello.

En relación a sulfatar a pista de Coto, di que o Concello ten que falar coa Xunta de Galicia.

Di que queda pendente en o Curral o de Danilo e Jorge.

Parécelle estupendo que o PP apoie agora ás becas de estudos.

**Intervén o Sr. Mario e di :**

En relación ó fondo de compensación ambiental, quere que se fagan melloras.

En canto ás traídas de auga di que aportou a Xunta, a Deputación e o Concello.

En relación á Casa do Médico, di que é moi necesario preparar a súa contorna.

En relación á sulfatadora argumenta sobre denunciar á Xunta.

Posteriormente di sobre que agora todo o mundo se sume ás axudas os estudantes.

E sendo as 21:10 horas do 30 de Xullo de 2018 no Salón de Plenos do Concello de Muras dáse por rematada a sesión da que se estende a presente acta que asina comigo o Alcalde-Presidente e da que eu como Secretario dou Fe.

**No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Muras a 30 de Xullo de 2018.**